aí

GUÍA DE CULTURA, SERVIZOS E OCIO EN FERROLTERRA **NOVEMBRO 2026** **#221**

MÚSICA

Abba: The new experience

EN NARÓN

TEATRO

Leti da Taberna

EN FENE



María Galiana

NO PAZO DA CULTURA DE NARÓN

Exemplar gratuíto

Pedro Feijoo

Pedro Feijoo é un dos escasos escritores galegos que contan as súas novelas por éxitos populares. O último deles acaba de saír do forno, A boa morte, *mestura de thriller e antropoloxía. O vindeiro 8 de novembro participará na Vila das Lendas de Pontedeume.*

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** Manuel Vicente

AÍ. Acaba de publicarse a túa nova novela "A boa morte" (Edicións Xerais). De onde sae esta historia?
PF. Sempre parto de referentes reais, feitos e historias que merezan a pena. Aquí trasladeime á Ribeira Sacra para contar unha tradición que sucedía hai anos, tamén noutros lugares. Como as persoas que estaban a piques de morrer e non o daban feito eran "axudadas", nunha sorte de eutanasia popular, por unhas mulleres que tiñan ese cometido, con discreción. Neste caso que narro as mulleres daban algo máis, cousa que eu aproveito para recrear en *A boa morte* que pode definirse como un thriller, un relato lixeiro, cheo de acción e que intenta mover os marcos do xénero.

AÍ. Marchaches a Ribeira Sacra para investigar.
PF. Acabo de regresar do lugar de Sampil, no concello de Sober. Entre traballo e uns veciños que me fixeron probar canto viño colleitaban, botei alí un ano.

AÍ. Sempre fas un labor de documentación tan intensa?
PF. É unha cuestión de respecto. Se vas confiar en min e me vas dar o teu tempo, que é o máis valioso que temos, teño que tratar que ese gasto de tempo pague a pena. Para contarche ben unha historia teño que saber do que falo e ir aos lugares da acción, porque a xeografía condiciona, sobre todo un espazo como os canóns do Sil hai 70 anos. Con catro fotos e postais non abonda, non transmites a verdade.

AÍ. Que cres que aporta o thriller ademais de entretemento para ter semellante éxito popular?
PF. O thriller ten a vantaxe de que permite envolver a realidade nun formato fácil de dixerir e asimilar creando un xogo de falsos espellos. Resulta cómodo para descubrirnos a nós mesmos.

AÍ. En Galicia estades varios nomes de referencia no xénero.
PF. Si, semella que todo vale e estamos de moda. Aí houbo un traballo de desbroza de Domingo Villar no noso caso e noutros, como o de Dolores Redondo e a súa triloxía do val do Baztan, amosando que non todo ten que vir de Estados Unidos ou mesmo de Escandinavia. Non somos ningunha periferia. Xa contaba Castelao que cando os romanos falaban do Fisterra como a fin do mundo deberían dicir que era a do comezo do mundo.

AÍ. Tes sempre presente o papel do lector?
PF. E que eu escribo non para min nin para coñecerme, que xa me coñezo. Fágoo para o lector, ou máis ben para as lectoras, que son o 85% de quen le.

AÍ. Que papel tes nunha literatura como a galega?
PF. Desde o comezo da miña traxectoria pensei en que podía aportar eu á nosa literatura. O que pasa e que levei sopapos de quen dicta o canon e reparte carnés. Escribo en galego e publico tamén en castelán. Teño moitos lectores de fóra de Galicia e o que me interesa é dialogar co lector. Son un disidente e vou seguir traballando, o resto dáme igual.

AÍ. Cal é o método de traballo de Pedro Feijoo?



PF. Pois a redacción é o último. Sei o que quero contar así que documéntome, elaboro a trama e as notas. A base é un guión complexo que pode ter 40 páxinas sobre a historia e o que hai en cada capítulo. Unha especie de escaleta. Para un músico sería como a maqueta antes do disco: buscar un retrouso contaxioso. Se quero logo varío algo ou experimento, pero sabendo xa a escaleta.

AÍ. Por certo, fuches músico en Los Feliz ou Lamatumbá. Que recordas desa época?

PJ. Isto era como aquilo dos 80, que se os recordas é que non os viviches. Lembro chegar a moitos sitios para tocar, pero non como saín de alí. Foi todo moi tolo, pero xa deixei as armas para non seguir agredindo á xente agás en ocasións moi especiais.

"SE O LECTOR CHE VAI DAR O SEU TEMPO, TES QUE TRATAR DE QUE LLE PAGUE A PENA"

AÍ. Pero o ser músico aportou algo a túa escrita?

PJ. A música era como ter un idioma a maiores. Algunhas escenas das novelas son como cancións. E logo está o ritmo, a cadencia da escrita en cada capítulo. Algo do que eu non era moi consciente ata que mo comentaron.

AÍ. Cando escribes escoitas música?

PJ. Ás veces si. No caso de "A boa morte" soaron moito cousas moi diferentes, desde as sonatas de Bach ata Rammsteim.

AÍ. O día 8 vas falar en Pontedeume da memoria e a experiencia como escritor.

PJ. Sempre lle estou dar voltas á memoria, tamén ao espazo e á identidade. E penso que nese sentido aquí temos referentes tan valiosos como en calquera outro sitio.



PUERTO Y CIUDAD

ESCANEA PARA ESTAR AL DÍA

Ferrol Puerto

Autoridad Portuaria
Ferrol - San Cibrao

13 venres — 20.30 H

YO SOLO QUIERO IRME A FRANCIA

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN) — 16 €



MARÍA GALIANA ENCABEZA O ELENCO DESTA COMEDIA AMARGA QUE REFLEXIONA SOBRE AS HERDANZAS E OS SEGREDOS FAMILIARES. ESCRITA E DIRIXIDA POR ELISABETH LARENA.

Durante o velorio dunha anciá, dúas descoñecidas descobren que están unidas por unha herdanza inesperada e unha historia familiar chea de segredos. A obra, protagonizada por María Galiana, xunto a Nieve de Medina, Alicia Armenteros e Anna Mayo, supón o debut de Elisabeth Larena na dirección teatral, ademais de asinar a autoría do texto. A través desta historia, a dramaturga afonda no peso do pasado e en todo aquilo que queda por dicir e resolver.

06/07 — 20.30/20.00 H

CURIE

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

OBRA BIOGRÁFICA ESCRITA E DIRIXIDA POR SANTIAGO CORTEGOSO SOBRE A VIDA DE MARIE CURIE E A SÚA TRAXECTORIA CIENTÍFICA.

Empatía Teatro estrea en Narón *Curie ou a simetría dos fenómenos físicos*, unha obra que reconstrúe a traxectoria de María Sklodowska-Curie, desde a súa infancia nunha Polonia ocupada ata o recoñecemento internacional, pasando polos difíciles anos de formación en París, a súa relación con Pierre Curie e os seus grandes descubrimentos científicos.
A proposta combina rigor documental e poesía para afondar non só nos seus logros, senón tamén na súa loita contra as dificultades económicas, os prexuízos cara ás mulleres e a discriminación.



13 venres — 20.00 H

CONTADIÑA

Monólogo

CASA DA CULTURA (FENE)



A ACTRIZ MARITA MARTÍNEZ PROPÓN UNHA VIAXE POLA MEMORIA COLECTIVA PARA RETRATAR, CON HUMOR E RETRANCA, OS COSTUMES E AS PECULIARIDADES DO CARÁCTER GALEGO.

A partir das lembranzas da súa avoa, Marita Martínez recupera costumes e vivencias doutras épocas. Con altas doses de humor, *Contadiña* achéganos aos moceos, as regueifas, as festas, os alcumes, os perigos do pasodobre e as experiencias da emigración, para conformar un relato sobre a identidade e o carácter dos galegos. Unha mirada á memoria colectiva que convida a preguntarse canto cambiamos co paso do tempo e que trazos da nosa maneira de ser continúan vixentes.

07/08 sáb./dom. — 20.30 / 19.00 H

A CULPA

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL) — 27/24/22 €



ESTREA ABSOLUTA DESTA ADAPTACIÓN DA NOVELA DE MARÍA SOLAR QUE FUSIONA INTERPRETACIÓN E MÚSICA SINFÓNICA NUN THRILLER ENTRE GALICIA E BOS AIRES.

O Centro Dramático Galego e Estudo Momento presentan *A culpa*, adaptación e dramaturxia de Xoán C. Mejuto, que comparte a dirección con Iria Ares. Este thriller segue a Amanda, unha empregada de banca compostelá que viaxa a Bos Aires tras recibir unha multimillonaria e inesperada herdanza. A montaxe integra teatro e música, coa participación en directo da Orquestra Sinfónica de Galicia.

Á VENDA EN LIBRARÍAS

Soledad Romero Mariño
Mariona Cabassa



Unha fascinante viaxe por un dos grandes misterios da existencia, abordado desde unha perspectiva científica, natural, histórica e cultural.

Unha obra divulgativa que sorprende, emociona e axuda a comprender mellor o mundo que habitamos.



INCLUSON

FESTIVAL MUSICAL *Accesible e Inclusivo*
do Camiño de Santiago

11:00h a 24:00h — **Sábado 7-11-2026** — **Paseo de Xuvia Narón**

11:00h	**Inauguración INCLUSON**
11:15h	**Charla 'O Camiño non cambia. A Experiencia SÍ'**
12:00h	**Concerto Só Elas**
13:00h	**Concerto Chungo Pastel**
14:00h	**Fran Rey DJ - Mas Music DJs**
17:30h	**Concerto DiversidArte**
19:00h	**Concerto Marcos Mella**
20:30h	**Concerto Batalha**
22:00h	**Agradecementos I'TICS**
22:30h	**Concerto Nuevo Plan**

Patrocinio Institucional

XUNTA DE GALICIA · Xacobeo 2027 Galicia · NARÓN · ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

Certificado · Firmante · Producción · Información INCLUSON

i'tics

Accesibilidad

14 sábado 20.00 H

ABBA: THE NEW EXPERIENCE

Música

PAZO DA CULTURA (NARÓN) 38 €



REGRESO AOS GRANDES CLÁSICOS DO POP CUN ESPECTÁCULO QUE REIVINDICA A VIXENCIA DUN DOS GRUPOS MÁIS POPULARES DA HISTORIA DA MÚSICA.

The New Experience propón unha viaxe sonora e visual ao universo do cuarteto sueco a través de éxitos como "Dancing Queen", "Mamma Mia", "Waterloo" ou "The Winner Takes It All", cancións que transcenderon xeracións e continúan formando parte da memoria colectiva. Con máis de doce anos de traxectoria, o proxecto combina interpretación musical en directo, voces, coreografías e unha coidada produción audiovisual para recrear a enerxía e o atractivo escénico de ABBA. O espectáculo, concibido como unha experiencia que vai máis alá do concerto convencional, incorpora recursos visuais e tecnolóxicos que reforzan o seu carácter inmersivo. A proposta reúne oito artistas nunha celebración dun repertorio que soubo combinar melodías pegadizas, harmonías vocais e gran capacidade para conectar co público.

14 sábado 20.30 H

MARÍA JOSÉ LLERGO

Música

AUDITORIO DE FERROL 32/34/38 €



A CORDOBESA MARÍA JOSÉ LLERGO PRESENTA *EL JUEGO*, NO QUE REINVENTA A SÚA PERSOAL FUSIÓN DE FLAMENCO E VANGARDA.

A súa voz, intensa e chea de matices, convértese no fío condutor dunha proposta que conecta a tradición andaluza coas sonoridades contemporáneas. Unha artista que rompe fronteiras e consolida unha das linguaxes máis persoais da nova música española.

14 sábado 21.00 H

CORRAL POLIAFÓNICA

Música

CENTRO CÍVICO DE CANIDO (FERROL)

O CICLO «CANTACLARO» LEVA A CANIDO TRES PROPOSTAS DE MÚSICA Á CAPELLA ENTRE AS QUE DESTACA O HUMOR IRREVERENTE DA CORRAL POLIAFÓNICA DO ATURUXO DE MELPÓMENE.

Música coral, interpretación teatral e humor a través de versións de cancións populares adaptadas ao galego. A formación, vinculada á compañía teatral naronesa O Aturuxo de Melpómene, aposta pola retranca e a ironía para transformar temas coñecidos do rock e do pop en pequenas crónicas da vida cotiá. Baixo a dirección escénica de Carlos Mosquera, «Mos», o espectáculo afástase dos formatos corais convencionais e incorpora humor e a crítica social.



CANTA CLARO CANIDO!!!

2026

O CICLO DA MÚSICA VOGAL

NOVEMBRO

SÁBADOS

- 7 ás 20.00 h: AntiQvorum. Coro de cámara de música antiga
- 14 ás 21.00 h: CoRal PoliAfónica do Aturuxo de Melpómene
- 28 ás 20.00 h: CorO do BECO de Artábria

FERROL · Muíño do Vento Asociación Sociocultural de Canido - Ferrol · CANIDO ASOCIACIÓN VECINAL · Deputación DA CORUÑA

15 domingo — 19.00 H

A FORZA DO BLUES

Música

TEATRO JOFRE (FERROL) — 18 €



DESDE AS RAÍCES DO BLUES DE LUISIANA ATA OS ESCENARIOS INTERNACIONAIS, ROBERT FINLEY REPRESENTA A FORZA E A AUTENTICIDADE DA SÚA TRADICIÓN MUSICAL.

O músico estadounidense Robert Finley é unha das voces máis persoais e recoñecibles do blues contemporáneo. Natural de Luisiana, iniciou a súa carreira discográfica aos 62 anos, despois de décadas dedicado á música e ao góspel. A súa proposta combina blues tradicional, soul e rock cunha voz rouca e poderosa, herdeira da tradición musical do sur dos Estados Unidos. O seu talento chamou a atención de Dan Auerbach, líder de The Black Keys, que impulsou a súa carreira internacional e produciu varios dos seus traballos. Discos como *Sharecropper's Son* e *Black Bayou* amosan a personalidade dun artista que transforma as súas experiencias vitais en cancións cheas de forza e emoción. Cunha intensa presenza escénica e unha interpretación que conecta directamente coas raíces do xénero, Finley reivindica a vixencia do blues.

20 venres — 20.00 H

LETI DA TABERNA

Monólogo

CASA DA CULTURA (FENE) — DE BALDE



ATA QUE PUNTO DESFRUTAMOS DO TEMPO DE LECER? VIAXAMOS POR PRACER OU PARA CONTALO NAS REDES? DESTAS CUESTIÓNS TRATA *JASTAC JAPI JOLIDAIS*.

Leti da Taberna presenta un monólogo humorístico que converte as vacacións e o turismo no punto de partida dunha reflexión cargada de ironía. Fiel ao seu estilo irreverente e á súa particular retranca, a artista galega aborda asuntos como o postureo, a turistificación e a nosa relación co tempo libre. A proposta vai máis alá do monólogo convencional e incorpora recursos de comedia física, unha escenografía propia e un espazo sonoro que recrea a atmosfera dun resort vacacional. O público convértese así en acompañante dunha viaxe imaxinaria na que non faltan as situacións disparatadas nin a crítica social. Coa súa habitual capacidade para observar e retratar os comportamentos cotiáns, Leti da Taberna constrúe un espectáculo próximo e participativo que convida a rirnos de nós mesmos. Unha viaxe teatral na que a diversión está incluída no paquete, pero na que tamén hai espazo para cuestionar o modelo de ocio e turismo que nos rodea.

PROGRAMACIÓN
2026

NOVEMBRO

V **06** 23.00 HORAS

S **07** 20.00 HORAS

TEATRO
EMPATÍA TEATRO

CURIE, OU A SIMETRÍA DOS FENÓMENOS FÍSICOS

V **13** 20.30 HORAS

TEATRO-COMEDIA
CONTRAPRODUCIÓNS

YO SOLO QUIERO IRME A FRANCIA

S **14** 20.00 HORAS

MUSICAL
ABBA THE NEW EXPERIENCE

ABBA: THE NEW EXPERIENCE

D **15** 18.00 HORAS
CAFÉ TEATRO

FAMILIAR-INFANTIL
CARAMUXO TEATRO

FORMAS

D **22** 19.00 HORAS

MÚSICA ROCK
TERTULIA PRODUCCIÓN

SIMPLY THE BEST TRIBUTO A TINA TURNER

X **26** 20.30 HORAS

BALLET
CLASSIC STAGE

EL CASCANUECES

S **28** 20.00 HORAS

MUSICA
DE VACAS

VACANAL SINFÓNICA

D **29** 18.00 HORAS

FAMILIAR-INFANTIL
GHAZAFELHOS

PANXEA

PAZO DA CULTURA
Concello de Narón

MOSTRA DE TEATRO PARA A INFANCIA E A XUVENTUDE DE NARÓN

MOTIX 2026

MEMORIAS DUN NENO LABREGO



Contraproducións
7, 8 e 9 de outubro

SUEÑO



Compañía Criolla
Arxentina
22 e 23 de outubro

OS CONTOS DE LOBICÁN



Redrum Teatro
25, 26 e 27 de novembro

FORMAS



Caramuxo Teatro
16, 17 e 18 de novembro

PANXEA



Ghazafelhos
30 de novembro,
1 e 2 de decembro

C.E.I.P. A Gándara • E.I.M. A Gándara • C.E.I.P. A Solaina • C.P.I. A Xunqueira • Colegio Arenales Santa Juana • C.P.I. As Mirandas • C.P.I. Atios • C.P.R. Ayala • I.E.S. Catabois
C.E.I.P. Centieiras • C.E.I.P. Couceiro Freijomil • C.E.I.P. de Mariñeira • Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal • C.E.I.P Isaac Peral • C.P.R. Jorge Juan • C.E.I.P. Ledicia • C.P.I. O Feal
C.E.I.P. O Ramo • C.E.I.P. Os Casais • C.E.I.P. Piñeiros • E.I.M. Piñeiros • C.P.R. Plurilingüe San José • C.E.I.P. Ponte de Xuvia • I.E.S. Ricardo Carvalho Calero
C.P.R. Sagrado Corazón M.M. Mercedarias • C.E.I.P. San Isidro • C.E.I.P. San José • C.E.I.P. San Ramón • C.P.I. San Sadurniño • E.I.M. Santa Icía • C.P.R. Santiago Apóstol
C.E.I.P. Santiago Apóstolo de Franza • I.E.S. Saturnino Montojo • I.E.S. Telleiras • I.E.S. Terra de Trasancos • C.E.I.P. Unión Mugardesa • C.E.I.P. Virxe do Mar

NARÓN

Padroado da Cultura
Concello de Narón

Deputación DA CORUÑA

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

26 xoves — 20.30 H

O QUEBRANOCES

Ballet clásico

PAZO DA CULTURA (NARÓN) — 33 €



A PROMOTORA CLASSIC STAGE LEVA AOS ESCENARIOS O CREBANOCES, UNHA DAS OBRAS MÁIS RECOÑECIBLES E REPRESENTADAS DA HISTORIA DO BALLET CLÁSICO.

Con música de Chaikovski, esta creación combina danza, fantasía e espírito do Nadal nunha historia que continúa conquistando espectadores de todas as idades. O argumento segue as aventuras de Clara, unha nena que recibe como agasallo un boneco crebanoces que, durante a noite, cobra vida e a conduce a un mundo fantástico de xoguetes animados, batallas e personaxes extraordinarios. A través dunha coidada coreografía e dunha posta en escena que combina escenografía, vestiario e iluminación, o espectáculo recrea a atmosfera máxica do conto orixinal.

28 sábado — 20.00 H

CORO DO BECO

Música

C.C. CANIDO (FERROL) — DE BALDE

DIRIXIDO POR DANIEL LEIRO, O CORO NACEU NO ÁMBITO DO BECO DA LINGUA E DA COMUNIDADE DE PORTUGUÉS DA EOI.

A música tamén é unha forma de construír comunidade. Así o entende o Coro do Beco, unha iniciativa vinculada á Fundaçom Artábria que atopou no canto colectivo un espazo para compartir lingua, cultura e tradición. A formación reúne voces arredor dun repertorio no que teñen especial protagonismo as músicas populares galegas e portuguesas, nunha aposta por estreitar os vínculos culturais entre ambas as beiras do Miño. As súas actuacións combinan melodías recoñecibles, harmonías corais e espírito participativo.



28 sábado 20.00 H

VACANAL SINFÓNICA

Música

PAZO DA CULTURA (NARÓN) 14 €



DE VACAS CELEBRA O SEU DÉCIMO ANIVERSARIO CUN ESPECTÁCULO DE GRANDE FORMATO NO QUE REVISAN O SEU REPERTORIO ACOMPAÑADAS DO CORO DA RÁ E UNHA ORQUESTRA DE CÁMARA CREADA PARA A OCASIÓN.

Inés Salvado, Faia Díaz, Paula Romero e Guillerme Fernández propoñen unha viaxe pola súa traxectoria artística nun formato operístico e de gran dimensión escénica. O resultado é unha celebración musical irreverente e sorprendente, que conserva o espírito transgresor da formación e reviste as súas cancións con novos sons sen renunciar á retranca.

28 sábado 20.30 H

NÚA

Danza

TEATRO JOFRE (FERROL) 5 €



CALI DANZA PRESENTA A SÚA TERCEIRA CREACIÓN, DEDICADA A REIVINDICAR O FEMININO.

Núa explora a nudez emocional e as capas da identidade feminina. A través dunha linguaxe corporal intensa, cinco bailarinas transitan entre a expansión e a contracción, nun diálogo físico que nace do corazón. Cunha posta en escena minimalista, a obra convida a mirar cara ao interior e descubrir o que permanece tras as aparencias.





Compartimos a vida GADIS

ESTREA DESTACADA | 6 DE NOVEMBRO



RUEGA POR NOSOTRAS

Daniel Monzón

O xerme desta historia está nunha investigación que empezou en 2020. Por que sentiches que era importante contala agora?
Creo que agora é o momento máis axeitado para contala. Este é un filme que levo xerminando, efectivamente, desde 2020. Foron practicamente seis anos indagando no que significou o *Patronato de Protección a la Mujer*. Todo ese material serviunos para orquestrar dramaticamente un filme no que, por desgraza, non nos inventamos nada. Nada. Todo o que conta sucedeu tal e como foi.

Chegaches a falar directamente con mulleres que pasaron polo *Patronato*?
Intentamos falar tamén con algunhas persoas das ordes relixiosas que estiveron implicadas, pero declinaron. Aínda así, o groso da investigación procede de decenas e decenas de testemuños de mulleres que pasaron polo *Patronato*. Os libros de investigación de Consuelo García del Cid son valiosísimos. Ela pasou polo *Patronato* e foi a primeira, digamos, que escribiu sobre iso. Pero durante moitísimo tempo as mulleres non querían falar e, de feito, moitas seguen sendo moi reticentes porque o consideran un estigma.

Que significaba para esas mozas entrar no *Patronato*?
Eran anos moi concretos, na adolescencia, precisamente cando te estás formando como persoa. A esas mozas se lles meteu na cabeza, triturároas, para que pensasen que eran culpables, que eran pecadoras, que eran persoas de segunda categoría, incompletas. Todo o periplo do *Patronato* empezaba nun lugar chamado *Centro de Observación y Clasificación*, onde basicamente se recoñecía se eran virxes ou non. Se o eran, considerábanas completas; se non, mulleres incompletas. E, en función desa catalogación, levábanas a un centro ou outro, máis ou menos severo.

O filme chega nun momento no que o cine español está a abordar cada vez máis o papel da relixión.
Creo que é especialmente valioso porque conta unha historia moi recente. O máis terrible é que o *Patronato* se instaurou durante o franquismo, en 1940, auspiciado por Carmen Polo de Franco, e teoricamente tería que acabar coa morte do ditador en 1975. Pero non. Por pura inercia, durou dez anos máis en democracia, ata 1985, cando estaba Felipe González no poder. En España había nenas da miña idade sendo encerradas e adoutrinadas mentres eu vía *Regreso ao futuro* en 1985. Terminou ese ano, si, pero o substrato segue latente na nosa sociedade.

Fotogramas (extracto)

06 NOVEMBRO

RUEGA POR NOSOTRAS
Daniel Monzón

2026 | ESPAÑA | 136' | ESPAÑOL | +16



Barcelona, 1974. Ana é, a ollos da súa familia, unha moza rebelde. O seu pai decide trasladala a Madrid para ser internada nun reformatorio.

San Sebastián 2026 (preestrea)

"Un rotundo e arrepiante drama feminino de adolescencias rotas". Fotogramas

13 NOVEMBRO

EL TREN FLUVIAL
Lorenzo Ferro, Lucas A. Vignale

2026 | ARXENTINA | 75' | ESPAÑOL | +12



Milo, un bailarín de malambo de nove anos, anhela viaxar en tren e explorar Buenos Aires, a cidade que só viu en filmes.

Berlinale 2026 (Perspectives)

" Un dos descubrimentos máis luminosos e encantadores do ano" High on Films

LA VIOLINISTA
Ervin Han, Raúl García

2026 | SINGAPUR | 114' | VALENCIANO

Un xornalista español penetra nas vidas entrelazadas de dous amantes mentres investiga a orixe dun vello violín.

Seminci 2026 (sección oficial)



" Unha obra excelente con marabillosa banda sonora" Cineuropa

20 NOVEMBRO

ROSE
Markus Schleinzer

2026 | ALEMAÑA | 93' |ALEMÁN | +12



A inicios do século XVII, un misterioso soldado chega a unha vila protestante. As sospeitas dos aldeáns sobre a súa identidade obrigan a un axuste de contas.

Berlín 2026 (Oso de Prata a Mellor interpretación para Sandra Hüller)

"Sandra Hüller dá unha vitalidade ardente a unha muller con pantalóns do século XVII" The Hollywood Reporter

EUROPEAN ARTHOUSE CINEMA DAY: coloquio online con Sandra Hüller o DOMINGO 22 ás 19:30.



IRON BOY
Louis Clichy

2026 | FRANCIA | 90' |FRANCÉS | +7

A vida de Christopher cambia cando comeza a levar un corpiño metálico por prescrición médica.

Cannes 2026 (Un Certain Regard - Mención Especial do Xurado)

" Un filme doce, delicado e tenro, con momentos de gran beleza" rogerebert.com

EL MAL PADRE
Roberto Bueso

2026 | ESPAÑA | 120' | ESPAÑOL



Santiago Balmes, reputado escritor e académico, reúne aos seus tres fillos antes do Nadal para facerlles unha petición: pasar uns días xuntos na casa costeira onde veraneaban na súa nenez. Unha oportunidade para confrontar vellas feridas e tratar de entender quen é seu pai.

San Sebastián 2026 (sección oficial)

"Eduard Fernández dá un recital absoluto coa creación dun personaxe tremendo " El Mundo

27 NOVEMBRO

SANGUINE
Marion Le Corroller

2026 | Francia| 101' | francés



Margot loita por sobrevivir ao ritmo frenético das súas prácticas en urxencias cando unha vaga de pacientes novos ingresa con síntomas inexplicables que desafian toda lóxica clínica.

Sitges 2026 (Mellor Filme)

"Un agudo, implacable e extremo body horror francés explora as presións da vida moderna" Otros Cines

OFF DUPLEX

PASES ÚNICOS | O MELLOR CINEMA ALTERNATIVO

MARTES 3 ÁS 19:45

NARCISO

Marcelo Martinessi

PARAGUAY | 100' | ESPAÑOL | +16



Paraguai, 1958. O carismático Narciso retorna de Bos Aires con rock'n'roll nas veas. Baixo o abafante réxime militar de Alfredo Stroessner, o seu programa de radio convértese en toda unha sensación musical e un símbolo de liberdade.

Berlín 2026 (Panorama)

"Un excelente film noir a ritmo de rock and roll" Público

MARTES 17 ÁS 19:45

BLUE HERON

Sophy Romvari

HUNGRÍA | 91' | HÚNGARO | +12

A finais dos anos 90, Sasha e a súa familia múdanse a unha illa de Vancouver. Esta nova vida verase afectada polo comportamento cada vez máis impredicible de Jeremy, o fillo maior. Desesperados, os seus pais enfrontaranse a



unha decisión complicada. A partir dos seus propios recordos, Romvari crea un retrato sobre as rupturas familiares e a fraxilidade da memoria.

"Un filme extraordinario ao que non lle sobra nin falta nada, repleto de capas e matices" El Periódico

DUPLEX presenta

PASES ÚNICOS | O MELLOR CINEMA ALTERNATIVO

LUN 09 ÁS 19:45
COA PRESENZA DO DIRECTOR

DEUSES DE PEDRA

Iván Castiñeiras

2026 | ESPAÑA | 85' |GALEGO



Mariana, unha nena de catro anos, descobre o mundo a través dos ensinos da súa mestra, nunha das últimas escolas rurais na fronteira entre Galicia e Portugal. Os contos infantís mestúranse coas lendas e historias que aínda habitan o lugar. Entre relato e relato Mariana crece e aos seus dezasete anos confróntase a unha importante decisión, partir da súa aldea, separarse da súa nai para ir estudar ao estranxeiro.

Mestre Mateo 2026 (Candidata a Mellor documental)

LUN 16 ÁS 19:45
COA PRESENZA DO DIRECTOR

A AVOA E O AMOR

Raul Veiga

2026 | ESPAÑA | 97' |GALEGO | +12

Dous irmáns, Mafalda e Diego, despois de moitos anos sen contacto coa avoa Pilar por



discordias na familia, reciben como herdanza a casa rural en que ela moraba en Portugal, xuntamente cun desafío sorprendente. Na tentativa de responder a ese desafío, os irmáns múdanse para a casa e alí van encontrar o vínculo co que significaba o amor da avoa. Deberán redescubrir quen eles son e o que queren facer co seu desexo, a súa vida e o seu futuro.

Petís DUPLEX

CINEMA PARA TODA A FAMILIA, OS DOMINGOS ÁS 12:00.
ENTRADA GRATUÍTA | COLABORA O CONCELLO DE FERROL

DOM 1 E 15

VAINILLA

vv.aa.

58' | ESPAÑOL | +5



Vainilla viaxa desde París até á Illa de Guadalupe. Catro historias sobre a aceptación das orixes e do que nos fai diferentes.

DOM 8 E 22

LA BELLEZA DE LA VIDA

vv.aa.

83' | ESPAÑOL | +6



Sete historias únicas de amor, crecemento e retos vitais narradas con fantásticas técnicas de animación que van desde a acuarela, a pintar con tinta ou o collage. Un filme máxico para lembrar que sempre é mellor ver o bo lado da vida.

DOM 29

PONYO NO ACANTILADO

Hayao Miyazaki

100' | GALEGO | +7



Sosuke, un rapaz de cinco anos, coñece a unha princesa peixe que ansía converterse nun ser humano.
Libre adaptación de *A Sereíña* que obtivo unha moi boa acollida da crítica no festival de Venecia en 2008.
"A derraidera obra mestra de Miyazaki. Marabillosa."

NOITE DO CINEMA EUROPEO

ENTRADA GRATUÍTA

LUN 30 ÁS 20:00

LA QUIMERA

Alice Rohrwacher

ITALIA | 82' | ITALIANO | +7



Arthur ten o don de localizar ocos baixo a terra, o que o converte no perfecto buscador de tesouros da civilización etrusca en Italia. Porén, o que Arthur quere atopar é a quimera que o guía: a Beniamina, o seu amor perdido. Fábula dunha beleza inigualable na que a picaresca mediterránea convive coa procura da utopía.

Cannes 2023 (Mellor guión)

"Filme lindísimo, cheo de poesía e cun gusto especial polo poder das fábulas"
Caimán

Pase gratuito con motivo da NOITE DO CINEMA EUROPEO. Encontro co público posterior á proxección co director Alberto Gracia.

DUPLEX Cinema

ABERTO TODOS OS DÍAS
Mércores día do público
Proxeccións en VOSE, agás que se sinale o contrario.

Máis información en duplexcinema.com
Travesía Moreno 3, Ferrol
info@duplexcinema.com | 981 35 60 65


Facemos parte de:

Colabora:

FERROL

Actividade subvencionada polo Ministerio de Cultura e pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)

XUNTA DE GALICIA · Xacobeo 2027 · GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE CULTURA







ENSAIO ILUSTRADO

O MARABILLOSO LIBRO DA MORTE

SOLEDAD ROMERO E MARIONA CABASSA | EDICIÓNS EMBORA I 64 PÁX. | **23** €

POR MOITO QUE INTENTEMOS FUXIR DA MORTE O CERTO É QUE SE TRATA DO ÚNICO SEGURO QUE NOS VAI ACONTECER NA NOSA VIDA.

O curioso é que a nosa sociedade hedonista adoita fuxir dela e nin nos prepara nin o asume como algo natural. Enfrontándose a esa realidade, aparece agora este volume literario publicado pola editorial ferrolá Embora, unha auténtica alfaia cos pequenos textos de Soledad Romero Mariño e ilustracións a cargo de Mariona Cabassa. O nivel de ámbalas autoras resulta extraordinario. A escrita de Mariño fai un percorrido polo significado da morte no noso mundo, desde a aparición da vida como é a evolución dos seres e plantas ata a súa desaparición e descomposición. Do significado da morte na nosa sociedade, dos funerais humanos e animais, das plantas, dos cemiterios, da ciencia e dos ritos asociados a esta realidade. Non falta falar do loito, dos sentimentos e do máis alá, para quen teña esperanza nel. Canda a naturalidade do relato camiñan unhas ilustracións escintilantes, mestura de surrealismo e pop lisérxico, nas antípodas de algo macabro ou funerario. Imaxes cheas de luz, cor e deseño luminoso e imaxinativo. Moi alegre e estimulante. Un traballo que serve tanto para pequenos como para adultos e que normaliza unha realidade sobre a que debemos reflexionar a todas as idades.

NOVELA

LA BOLA

DANIEL VERDÚ | ALFAGUARA | 224 PÁX. | **19,85** €

Entre a novela e a reportaxe xornalística, o presente e absorbente libro une varias cousas. A primeira a biografía dunha muller insólita e fascinante, Mar de Marchis, editora da revista Jot Down e da que non existen imaxes. Unha muller que fixo o que quixo durante anos na pasada década nun mundo dominado por homes. Doutra, o libro é unha radiografía do grupo Prisa e o devalar do xornalismo desde a crise de 2008 e o poder que desde entón teñen as redes sociais na conformación da información da sociedade. Un traballo realmente entretido este de Daniel Verdú.

POESÍA

VERSOS REPUBLICANOS (E OUTROS POEMAS)

CARMIÑA PRIETO ROUCO | INSTITUTO DE ESTUDOS CHAIREGOS. EDICIÓN DE MARIO PAZ GONZÁLEZ | 164 PÁX.

"Versos republicanos (e outros poemas)" é unha obra da poeta Carmiña Prieto Rouco (1901-1977) editada polo investigador Mario Paz González. Esta edición crítica rescata e fai xustiza á memoria histórica da escritora vilalbesa. O volume recolle material da súa produción poética en galego escrita entre 1931 e 1936, coincidindo os textos cronoloxicamente co período democrático e cultural da Segunda República. O minucioso estudo de Mario Paz González devolve á luz unha valiosa voz literaria que fora silenciada durante o franquismo.

DELICIAS SONORAS



BENXAMÍN OTERO *HISTORIA NATURAL*

Coñecido e recoñecido creador, a traxectoria de Benxamín Otero oscila entre a música tradicional e unha mestura de folk e música clásica. No eido tradicional temos a súa vertente máis vangardista canda o zanfonista Germán Díaz. Na persoal, acaba de editar o seu quinto traballo , "Historia natural", no selo Nabalea. Trátase dunha aportación insólita, unha mestura de música de raíz, son clasicista e banda sonora dun documental por facer. O traballo, gravado ao vivo, conta con dez pezas. Temas instrumentais de son austero e ascético que convidan á calma e á reflexión co lóxico protagonismo do oboe, instrumento do que Otero é un consumado e reputado intérprete, mais tamén de guitarra, corno inglés e sintetizadores. Aínda que podería ser un todo, o certo é que entre a decena de pezas de "Historia natural" fanse máis individuais algunhas como "Primeiro itinerario", "Que esas pedras" , "A memoria é náufraga" ou "Inadvertida, dende o comezo". Case unha hora de música reflexiva e sensorial que afonda na capacidade de crear ambientes, estados de ánimo que fican no aire.



BURNING *EN DIRECTO (50 ANIVERSARIO)*

Poucas bandas poden presumir do feito de levar medio século facendo rock sen que un teña que pasar vergonza véndoos. Ese é ese o caso de Burning. Con Johnny Cifuentes como único membro orixinal, o grupo vén de celebrar ese aniversario que en realidade foi hai un par de anos, coa edición dun disco en directo en vinilo e dobre CD. Gravado ao vivo na sala La Riviera en 2024, é un remedo case exacto do que gravaran en 1990 unha formación liderada por Cifuentes e o inesquecible Pepe Risi, tamén titulada "En directo". Como adoita suceder nestes casos, a formación está acompañada por un fato de amigos como Coque Malla, Jorge Ilegal (probablemente a súa última colaboración en disco), Los Zigarros ou Rubén Pozo de Pereza. Do contido, o esperable: temas clásicos como "Mueve tus caderas", "Esto es un atraco", "Una noche sin ti", a eterna "¿Qué hace una chica como tú en un sitio como este?" ou a inédita "Corre conmigo". En xeral, un empeño de Johnny Cifuentes de amosar que o grupo, aquí octeto, mantén a súa esencia a través do tempo e cambios. Moito máis que nostalxia, pois.



TEENAGE FANCLUB *NOT TO DARE TO DREAM*

A case catro décadas do seu debut discográfico, os escoceses hai anos que son uns clásicos das bandas independentes de guitarras cun son recoñecible e ducias de cancións memorables. Hai unhas semanas veñen de publicar o seu álbum número 13, "Not to dare to dream", traballo que malia críticas boas marca un novo espazo para a banda. Gravado na illa remota de Great Bernera nas Hébridas escocesas, uns sexaxenarios Norman Blake e Raymond McGinley artellaron dez pezas afastadas do seu rock de guitarras no ronsel de Byrds e Big Star indies para facturar un disco sereno máis abeirado ao folk pastoral que ao son recoñecible da banda. Temas con peso dos teclados do grande Euros Child, antigo líder de Gorky's Cigotic Mincy e desde hai un tempo membro da banda. As cancións tratan temas como a madurez, a vulnerabilidade e o optimismo vital. Temas dunha gran fermosura como "There was you", "Tomorrow people" ou "I do not to dare to dream" entre outros que non soan aos clásicos da banda pero realmente conforman un disco tan distinto como emocionante.

NOVEMBRO

01 domingo

INFANTIL
18.00 h Teatro Jofre. Ferrol.
A NENA E O GRILO CAMIÑO DAS CORES



MONÓLOGO
18.00 h Auditorio Cine Alovi. As Pontes.
DAVID PERDOMO

TEATRO
19.00 h Centro Cívico de Caranza. Ferrol.
NÓS, A HISTORIA DE GALICIA

05 xoves

MÚSICA
20.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.
LETICIA REY



06 venres

MONÓLOGO
20.00 h Casa da Cultura. Fene.
QUICO CADAVAL

MÚSICA E POESÍA
20.30 h Colectivo A Piruchela. Neda.
OS NOMES ÍNTIMOS, CON LUCÍA ALDAO E SAMUEL MERINO

TEATRO
20.30 h Pazo da Cultura. Narón.
CURIE, OU A SIMETRÍA DOS FENÓMENOS FÍSICOS

TEATRO
20.30 h Auditorio Cine Alovi. As Pontes.
MADE IN GALICIA

MÚSICA
21.00 h Sala La Room. Ferrol.
AMPARO SÁNCHEZ



07 sábado

MONÓLOGO
12.30 h Colectivo A Piruchela. Neda.
NOTAS DE RODAPÉ, CON QUICO CADAVAL

MÚSICA
20.00 h Centro Cívico de Canido. Ferrol.
ANTIQVORUM

TEATRO
20.00 h Pazo da Cultura. Narón.
CURIE, OU A SIMETRÍA DOS FENÓMENOS FÍSICOS

TEATRO
20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.
A CULPA

08 domingo

TEATRO
19.00 h Teatro Jofre. Ferrol.
A CULPA

13 venres

MONÓLOGO
20.00 h Casa da Cultura. Fene.
MARITA MARTÍNEZ



MÚSICA
20.00 h Auditorio Álvaro Lamas. Ferrol.
REAL FILHARMONÍA DE GALICIA: CONTRAFACTUM

TEATRO
20.30 h Pazo da Cultura. Narón.
YO SOLO QUIERO IRME A FRANCIA



MÚSICA
20.30 h Auditorio Cine Alovi. As Pontes.
LIDIA INDIA E LATEXO

14 sábado

CURTAS
17.00 h Escola Laica. Cabanas.
CHANFAINA ITINERANTE

TEATRO
19.30 h Casa da Cultura. San Sadurniño.
AS FORMAS DO AMOR

MÚSICA
20.00 h Pazo da Cultura. Narón.
ABBA: THE NEW EXPERIENCE



MÚSICA
20.30 h Auditorio Álvaro Lamas. Ferrol.
MARÍA JOSÉ LLERGO



MÚSICA
20.30 h Colectivo A Piruchela. Neda.
XOÁN GOIA E OS REBUXENTOS

MÚSICA
21.00 h Centro Cívico de Canido. Ferrol.
CORRAL POLIAFÓNICA DO ATURUXO DE MELPÓMENE

MÚSICA
22.00 h Sala La Room. Ferrol.
LOS PRIMERIZOS

15 domingo

INFANTIL
18.00 h Café Teatro. Pazo da Cultura. Narón.
FORMAS



INFANTIL
18.00 h Teatro da Beneficencia. Ortigueira.
GÜELA GÜELA

MÚSICA
19.00 h Teatro Jofre. Ferrol.
ROBERT FINLEY



20 venres

MONÓLOGO
20.00 h Casa da Cultura. Fene.
LETI DA TABERNA



21 sábado

ZARZUELA
20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.
LA GRAN VÍA

MÚSICA
20.30 h Colectivo A Piruchela. Neda.
DE GAITAS POSÍBEIS

22 domingo

MÚSICA
19.00 h Pazo da Cultura. Narón.
SIMPLY THE BEST. TRIBUTO A TINA TURNER



26 xoves

INFANTIL
18.30 h Alianza Aresá. Ares.
OS BOLECHAS: AQUÍ HAI MOITO RUÍDO!

DANZA
20.30 h Pazo da Cultura. Narón.
EL CASCANUECES



27 venres

TEATRO
20.00 h Casa da Cultura. Fene.
FALEMOS COMO GALEGAS



TEATRO
20.30 h Colectivo A Piruchela. Neda.
CONTOS DE TASCAS, TABERNAS E OUTROS TUGHURIOS, CON MARÍA DA PONTRAGHA E MIGHELÓN

28 sábado

MÚSICA
20.00 h Centro Cívico de Canido. Ferrol.
CORO DO BECO DE ARTABRIA

MÚSICA
20.30 h Colectivo A Piruchela. Neda.
RAÍZES

MÚSICA
20.00 h Pazo da Cultura. Narón.
VACANAL SINFÓNICA



DANZA
20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.
NÚA

29 domingo

INFANTIL
12.30 h Auditorio Álvaro Lamas. Ferrol.
CANTAJUEGO: YO QUIERO SER…

INFANTIL
18.00 h Pazo da Cultura. Narón.
PANXEA

aí
Nº 218
ANO XIX

EDITA:
ee | edicións embora
www.edicionsembora.es
Rúa Galiano, 63–1º. 15402 FERROL.
T 981 35 53 53
info@edicionsembora.es
@Aí

DIRECTOR:
Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:
Jose A. Farinós

REDACIÓN E COLABORADORES:
Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:
C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilítana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.

REDE CULTURAL

Deputación DA CORUÑA

A CULTURA É UN DEREITO
DEPUTACIÓN DA CORUÑA



NOTAS DE RODAPÉ
QUICO CADAVAL
6 DE NOVEMBRO DE 2026
20.00 H
FENE

CASTELAO. UN CORAZÓN Á INTEMPERIE
FANTOCHES BAJ
7 DE NOVEMBRO DE 2026
19.00 H
ARES

CABARÉ CLIMÁTICO
13 DE NOVEMBRO DE 2026
20.00 H
PONTEDEUME

NABIZA GIRL
ISABEL RISCO
27 DE NOVEMBRO DE 2026
20.30 H
NEDA